



... tiñan moito interés en casarse. E entonces claro sei que non tiña aínda, porque el non quería, pero se cadra non quería ou non tiña. E íballe pedir seguido a un santo, unha santiña e aquela santiña tiña un meniño no brazo. E entonces iba todos os días á igrexa a pedir e entonces dixo o sancristán:

- E esta muller qué virá todos os días e tódolos días aquí?

E vai entoncese táballe a pedir pa que lle dese un home, e que lle dese un home, que lle dese un home. Pero despois o sacristán ao oír tal cousa díxolle desde atrás, aghachárase así detrás de onde estaba a santa aghachouse. E entonces saleu cunha vociña tal e díxolle así:

- Aínda non é pa aghora.

E vai esa e... pum! Péghalle unha bofetada ao santiño pequeno. E díxolle:

- Cala mocoso de merda que aínda túa nai non dixo nada.

Aínda non falara súa nai pa falar a mocosa pequena.